

**BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN CON CARACTER DE LABORAL TEMPORAL.****PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto das presentes bases a selección, mediante sistema de concurso, e posterior contratación dun Auxiliar Administrativo, en réxime de persoal laboral temporal a tempo completo para a substitución en período vacacional, colaboración nas distintas funcións administrativas e para outras tarefas provocadas por diversas circunstancias conxunturais.

**SEGUNDA.- NATUREZA DO CONTRATO**

A natureza do contrato será laboral temporal a xornada completa, ao abeiro da lexislación vixente, iniciándose a prestación desde a data da sinatura do contrato ou a alta de dito contrato.

**TERCEIRA.- DURACIÓN DOS CONTRATOS.**

A duración do contrato será de 10 meses a partir da súa formalización.

Fixase unha retribución íntegra mensual equivalente ao Salario Mínimo Interprofesional, co correspondente prorrateo das pagas extras.

**CUARTA.-RÉXIME XURÍDICO DA CONVOCATORIA**

A relación rexerese pola lexislación laboral sendo de aplicación principalmente o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, concretamente o artigo 15 en materia de contratos de duración determinada, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ó persoal ó servizo das Administracións Públicas e especialmente ás locais.

**QUINTA.-REQUISITOS PARA CONCURRIR**

Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os seguintes requisitos:

- a) Nacionalidade: ter a nacionalidade española. Ademais, e consonte co establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro, así como no artigo 57 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, poderán acceder as prazas de funcionarios de carreira, os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe – sempre que non estean separados de dereito - menores de 21 anos ou maiores que vivan as súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, de ser o caso as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. So por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.



d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao empregado público.

e) Posuír, ou estar en posesión de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes o título de Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente. Cando se aleguen equivalencias de títulos farase constar expresamente o articulado da disposición legal que habilita tal equivalencia, non valorándose aqueles que non fagan constar esta particularidade.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite de xeito fidedigno a súa homologación. Non se valoraran aqueles que non reúnan tal requisito.

f) Lingua galega: acreditar o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 51 da Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia. A acreditación do coñecemento escrito de lingua galega farase por medio da presentación da certificación de Perfeccionamento en lingua galega ou CELGA 3, ou no caso de non posuír, mediante a superación dun exercicio previo de tradución: unha primeira proba que consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego, elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal, e unha segunda proba que consistirá na tradución dun texto do galego para o castelán, elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal. O tempo máximo para a realización do exercicio será, en cada caso, de 15 minutos. Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar o resultado de apto.

#### **SEXTA.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR E PRAZO.**

Os/as interesados/as poderán presentar as súas solicitudes de xeito presencial, no modelo recollido nestas bases como Anexo I e o resto da documentación, ata o día 22 de decembro 2021, no Rexistro Xeral do Concello de Cartelle, Praza Toxal, 1, Outomuro, 32824 Cartelle, en horario de 09:00 a 14.00 horas, de luns a venres.

Nas solicitudes farase constar expresamente que o aspirante reúne todas e cada unha das condicións esixidas, referidas a data de expiración do prazo de presentación. No mesmo prazo, e como anexos a solicitude, entregaranse os seguintes documentos:

a) Fotocopia cotexada do NIF, NIE ou, no seu caso, pasaporte.

b) Fotocopia cotexada da documentación a que fan referencia os apartados e) e f) da base 5, tendo en conta o establecido para o coñecemento de lingua galega.

c) Relación de méritos que se alega e documentación xustificativa de cada un deles en orixinal ou copia compulsada.

Non se tomaran en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias.

Así mesmo, non se terán en conta aqueles méritos alegados e achegados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

#### **SÉPTIMA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.**



A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases por concurso, entrevista e proba práctica, cos candidatos que, previamente foron seleccionados pola oficina de emprego, segundo indica a orden da convocatoria, e que no prazo establecido presentaran a solicitude e a documentación.

### **CONCURSO: Máximo 3 puntos.**

Méritos computables:

#### **a) Experiencia: Puntuación máxima: 2,5 puntos**

Por cada mes de traballo na Administración Local, en traballos idénticos ou similares a praza a que se opta, desempeñados nos 3 últimos anos.0,30 puntos/mes

Por cada mes de traballo noutras Administracións, en traballos idénticos ou similares a praza a que se opta, desempeñados nos 3 últimos anos.0,15 puntos/mes

Por cada mes de traballo na empresa privada, en traballos idénticos ou similares a praza a que se opta, desempeñados nos 3 últimos anos.0,08 puntos/mes

Terase en conta meses completos, non puntuándose períodos fraccionados.

A puntuación reducirase proporcionalmente cando os traballos prestados sexan a tempo parcial. Para a xustificación deste apartado, os aspirantes deberán presentar informe da vida laboral expedida pola Tesourería Xeral de Seguridade Social e orixinal ou copias compulsadas dos contratos de traballo ou certificado de servizos prestados, onde se acredite o posto desempeñado, xornada e duración do traballo.

A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuara.

#### **b) Cursos: Cursos, xornadas e seminarios de formación relacionados co posto de traballo e que sexan realizados ou impartidos polas Administracións Públicas ou homologados por elas realizados nos últimos 3 anos. Puntuación máxima: 0,40 puntos**

Cursos de mais de 50 horas:0,20 puntos/curso.

Cursos de entre 20 a 50 horas:0,10 puntos/curso.

Cursos de menos de 20 horas:0,05 puntos/curso.

#### **c) Persoas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero: 0,10 puntos**

### **ENTREVISTA: (Puntuación máxima de 4 puntos).**

O tribunal convocará aos aspirantes a unha entrevista, na que lle formularan cuestións sobre o temario que se recolle como Anexo II e, ou sobre o desempeño do posto de traballo, valorándose a capacidade e a aptitude do aspirante para dito posto de traballo. Puntuarase ata un máximo de 4,00 puntos. A falta de presentación do aspirante á entrevista significará a súa eliminación do proceso selectivo.

### **PROBA PRACTICA: (Puntuación máxima de 3 puntos).**

Os/as aspirantes desenvolverán unha proba práctica relacionada cos traballos a realizar proposta polo tribunal.

### **OITAVA.- TRIBUNAIS DE SELECCIÓN.**

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as, a valoración das entrevistas e da proba práctica, estará integrado por un presidente, tres vogais e un secretario cos seus respectivos suplentes, sendo nomeados polo Alcalde-Presidente da Corporación.



Todos os membros do tribunal, deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e terán voz e voto, a excepción do Secretario que terá voz pero non voto.

Segundo o recollido no art. 60 da Lei 7/4007 de 14 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

O tribunal poderá dispor a incorporación, de asesores especialistas, que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que será a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ao Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 48 da Lei 30/94, de 46 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes as probas selectivas de acceso durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/A presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 48 da Lei 30/94. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ao previsto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

#### **NOVENA.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.**

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará Resolución no prazo máximo de 2 días, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con especificación de ser o caso, dos motivos da exclusión, a cal publicárase no taboleiro de anuncios da sede electrónica, na web ou no taboleiro de anuncios do concello. De non existir excluídos declarárase aprobada a lista definitiva y fíxase a data da entrevista e da proba práctica.

Os aspirantes excluídos ou omitidos na relación de admitidos e excluídos, disporán dun prazo de 2 días hábiles, contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica, na web ou no taboleiro de anuncios do concello, para reclamacións, correccións de erros ou subsanacións. Así mesmo, tamén aparecerá nesa resolución a composición do tribunal cualificador.

Finalizado o prazo de reclamacións e correccións, e resultas as mesmas, ou ben, no suposto de non presentarse reclamacións polos aspirantes excluídos (de existir), pola Alcaldía mediante a correspondente Resolución, elaborárase a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica, na web ou no taboleiro de anuncios do concello.

O tribunal procederá á valoración de méritos alegados polos candidatos, a realización da



entrevista e da proba práctica, publicándose no taboleiro de anuncios da sede electrónica, na web ou no taboleiro de anuncios do concello as puntuacións obtidas polos/as aspirantes a cada praza.

Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección, levaranse a cabo, de acordo co establecido na lei, a través de publicacións no taboleiro de anuncios da sede electrónica, na web ou no taboleiro de anuncios do concello.

A información de carácter persoal contida nas mesmas será posíbel baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando tomar parte no proceso, dan a súa autorización para que se empreguen os seus datos persoais.

O Tribunal, en ningún caso, poderá propoñer un número superior de aspirantes a contratar que o de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

#### **DÉCIMA.- PROPOSTA E NOMEAMENTO.**

Valorados todos os méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas e realizada a entrevista, o tribunal formulará a proposta de nomeamento a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, publicándose no taboleiro de anuncios da sede electrónica, na web ou no taboleiro de anuncios do concello.

Ata que se formalicen os contratos e se incorporen os/as traballadores/as ós postos, estes/as non terán dereito á percepción económica algunha.

O acordo definitivo que adopte Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica, na web ou no taboleiro de anuncios do concello, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

O aspirante proposto debera achegar, no prazo de 3 días hábiles desde esta publicación, os seguintes documentos:

-Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que o aspirante reúne a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carece dalgún dos requisitos esixidos, no poderá ser contratado sen prexuízo da responsabilidade en que incorrese por falsidade na solicitude de participación.

#### **UNDÉCIMA.- INCIDENCIAS**

Contra estas bases, a convocatoria e cantos actos se deriven das mesmas e da actuación do tribunal, poderanse interpoñer impugnacións polos/as interesados/as nos casos e na forma previstos pola lei.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar resolucións, criterios ou medidas necesarias para o bo desenvolvemento do proceso naqueles aspectos non previstos por estas bases.

Visto e Prace

O Alcalde

Asdo. Jaime Sousa Seara

A Secretaria

Asdo: M<sup>a</sup> Dolores Villar Álvarez

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

